



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro, 1
36995-Poio (Pontevedra)

MC

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA NÚMERO CATROCENTOS SETE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E NOVE DE XULLO DE DOUS MIL OITO.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e nove de xullo de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e con asistencia dos/as Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. Luz Senra Lorenzo, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel Anxo Pazos Barros, D. Javier Domínguez Lino, D^a Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D^a. Irene Ligeró Iglesias, D. Ángel Moldes Martínez, D. Miguel Ángel Martínez Nacemento, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González. Asiste como Secretaria a da Corporación D^a. Paula Ramos Díaz e D^a. Olga Fernández Rodríguez en calidade de interventora municipal; reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados/as en tempo e forma. Pola presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na orde do día.

3139.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 25 DE XUÑO DE 2008.- Dáse conta da acta anterior de data 25 de xuño de 2008 que quedou aprobada por unanimidade.

3140.- ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen: "3129.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO ORDINARIO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ECONÓMICO 2007.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3130.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 9/2008 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse anuncio ao Boletín Oficial da provincia; 3131.- RATIFICACIÓN DO ACORDO NÚM. 5357 DA XGL E DATA 09/06/2008, SOBRE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "CASA DE CULTURA DE RAXÓ". EXECUCIÓN DE AVAIS POR ACOPIO DE MATERIAL.- uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse a IBERAVAL, SGR; 3132.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DE PERSOAL E DO CONCELEIRO DE SEGURIDADE CIDADÁ SOBRE MODIFICACIÓN

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.- uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse anuncio ao Boletín Oficial da provincia; 3133.- SOLICITUDE DE VECIÑOS/AS, DE CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO CAMIÑO RABO DO PORCO NO LUGAR DE RAXÓ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse anuncio o Boletín Oficial da Provincia e notificouse aos veciños/as de cmño. Rabo de Porco; 3134.- ORDE DO 23/05/2008 DA CONSELLERÍA DO MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE SOBRE ADHESIÓN DO CONCELLO DE POIO Á REDE GALEGA DE CONCELLOS POLA SOSTENIBILIDADE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería do Medio Ambiente xunto co resto da documentación exisida; 3135.- MOCIÓN DO GRUPO DO PARTIDO POPULAR EN APOIO DO SECTOR PESQUEIRO GALEGO- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Presidencia da Xunta de Galicia e Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos; 3136.- INTERVENCIÓN, ANEXO MODIFICACIÓN 9/2008, SUPLEMENTO DE CRÉDITO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse anuncio ao Boletín Oficial da ptovincia; 3137.- CONTRATACIÓN, PROPOSTA ADXUDICACIÓN PROVISIONAL ALLEAMENTO DUNHA PARCELA EN RÚA VALIÑA PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ás empresas Covixerga e Promociones Fernández Taboada, SL; 3138.- APROBACIÓN PREGO DE CLÁSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN CON PROCEDEMENTO NEGOCIADO URXENTE DAS OBRAS COMPRENDIDAS DENTRO DO PROXECTO "CASA DE CULTURA DE RAXÓ".- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio de licitación no Boletín Oficial da provincia". A corporación dáse por enterada.

3141.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria Xeral, dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario, as que estiveron a disposición dos concelleiros xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

O Sr. Domínguez Lino di que unha vez máis queren denunciar que nas resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario no decreto da alcaldía donde se aproban as gratificacións ao persoal por horas extraordinarias e que este mes elévase a 29052,54 €, recordando que xa o mes pasado se pagaron 24850 € é dicir que nos dous últimos meses máis de 53900 €, non existe repito unha vez máis, xa o denunciámos por 3ª vez a relación de persoal que realizou horas e que cremos que nos niveis que se están movendo, indica un novo fracaso na política de persoal do novo equipo de goberno. Entendemos desde o PP, que en dous meses non é de recibo e dadas as circunstancias económicas desfavorables gastarse máis de 53900 €.

O Sr. Alcalde di que a relación existe no expediente pero non se reflite nese decreto.

A corporación dáse por enterada.

3142.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 11/07/2008, SUBVENCIÓN "OBRADOIRO DE EMPREGO POIO IV" Á CONSELLERÍA DE TRABALLO.- Pola Secretaria, dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de xullo de 2008 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente tramitado co motivo da Orde do 16 de febreiro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios , de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, pola que se solicita unha subvención á Consellería de Traballo para a posta en funcionamento do "Obradoiro de Emprego Poio IV" cunha duración de 12 meses e 60 alumnos-traballadores prevéndose como data de inicio o 29 de decembro de 2008.

Dándose conta igualmente da resolución da alcaldía ditada o 10 de xullo de 2007 e que di o seguinte: "Con data 15 de xaneiro de 2008 publícase a Orde do 21 de decembro do 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiros e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 10, 15 de xaneiro de 2008).

Durante estes meses estiveron examinándose distintos proxectos e iniciativas que serían conformes e adaptaríanse a filosofía desta clase de axudas e as políticas activas que en materia de emprego deben desenvolver as entidades locais.

A elo únese a posibilidade de actuar en ámbitos multisectoriais ligados ao ámbito dos servizos sociais e o medio ambiente con recuperación de zonas marxinais e degradadas, dentro das obrigadas fórmulas de colaboración, cooperación e auxilio interadministrativa entre o Concello de Poio, a Consellería de Traballo e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e da Igualdade como único medio de dar solución aos problemas de chabolismo existentes no termo municipal, focalizados no poboado de O Vao.

A memoria incorporada ao expediente formado para tal efecto distingue así dous ámbitos claramente diferenciados:

- Rehabilitación da Finca de Besada: consolidación da biblioteca, vivenda dos caseiros e tres casas de bonecas. Trátase de por en valor distintas edificacións significativas no Concello de Poio para posibilitar a posta en marcha dun área de servizos integrais en materia de emprego: punto empresarial, marketing empresarial, orientación laboral, servizo galego de colocación, SAE, información xuvenil, biblioteca, área de xogos infantís etc.

- Acondicionamento do contorno do barrio chabolista de O Vao: actuacións de limpeza, adecentamento, plantación de

especies arbóreas, canalización de augas pluviais e residuais con urbanización do contorno. Con elo facilitarase a implantación dun barrio de transición, incluído dentro do Plan Especial de erradicación do chabolismo e inclusión social, promovido pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

O proxecto de obradoiro de emprego baixo a denominación "POIO IV" ten unha duración prevista de 12 meses con intervención de 60 alumnos-traballadores con data de inicio 29 de decembro de 2008.

Tendo en conta as positivas experiencias que arroxa a realización doutros obradoiros de emprego anteriores, os ámbitos de actuación implicados e ao abeiro das competencias que en materia de emprego, vivenda, servizos sociais e medio ambiente outorga ós concellos os artigos 25.2º e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, en exercicio das competencias delegadas pola Alcaldía por Decreto do 21 de xuño do 2007, estas Concellerías elevan á consideración do Presidente da Entidade por razóns de urxencia, dado o remate do prazo de presentación de solicitudes, a seguinte PROPOSTA :

Primero.- Prestar aprobación ao proxecto e documentación incorporada ao expediente formado baixo a denominación "OBRADOIRO DE EMPREGO POIO IV" cunha duración prevista de 12 meses, intervención de 60 alumnos-traballadores e data de inicio 29 de decembro de 2008 con obxecto a ámbitos de actuación descritos na memoria e na presente proposta e un orzamento de execución de 1.246.456,80 euros.

Segundo.- Solicitar da Consellería de Traballo unha axuda ao abeiro da Orde do 21 de decembro do 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiros e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 10, 15 de xaneiro de 2008) para a execución do "OBRADOIRO DE EMPREGO POIO IV".

Terceiro.- Dar traslado da resolución que se adopte á Consellería de Traballo xunto coa documentación contemplada no artigo 31 da devandita orde, en orde a tramitación da axuda.

Cuarto.- Dar conta da resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre en orde a súa ratificación, achegando certificación do acordo que se adopte á Consellería de Traballo.

Poio, 9 de xullo de 2008. A concelleira de obras e servizos. Asdo.: Consuelo Besada Lores. O Concelleiro de Medio Ambiente. Asdo.: Gregorio Agís Fernández. A Concelleira de servizos sociais: Rosa Fernández González. O concelleiro de urbanismo. Asdo.: Xulio Barreiro Lubián."

Examinado expediente e a proposta suscrita, ao abeiro do establecido no artigo 21.1º.k) e 3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, do

22 de xullo de Administración Local de Galicia, superando o importe de execución do proxecto o 10% dos recursos ordinarios do orzamento pero sendo necesario presentar a documentación con anterioridade o 15 de xullo do 2008, por motivos de urxencia, RESOLVO:

Primeiro.- Prestar aprobación á proposta nos seus propios termos.

Segundo.- Dar conta da presente resolución á Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas para os efectos da emisión do dictame previo á sesión ordinaria do Pleno."

O Sr. Agís Gómez explica o contido do expediente obxecto de solicitude da subvención así como os dous ámbitos de actuación a rehabilitación da Finca de Besada e acondicionamento do contorno do barrio chabolista do Vao.

O Sr. Domínguez Lino pregunta se as actuacións previstas para desenvolver na vivenda dos caseiros non a tería que rehabilitar a promotora.

O Sr. Agís Gómez contesta afirmativamente, polo importe de +/- 90000€ pero dado o alcance das obras que restan por executar no Palacete óbtase por investilas neste inmovible.

O Sr. Domínguez Lino insiste e pregunta se en realidade o promotor non quedara obrigado a rehabilitar todo o conxunto.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que si pero ata un importe determinado polo que é mellor que os 90000 € se apliquen aos pavimentos e divisorias internas do palacio.

O Sr. Domínguez Lino pregunta que destino se vai dar ás construcións unha vez que se rehabiliten e se se conta coa dispoñibilidade dos terreos no Vao e a quen pertencen os terreos?

O Sr. Agís Gómez responde que no Vao vaise actuar en terreos públicos e privados e que por agora soamente se presenta o proxecto e que xa están a traballar para ir incorporando ao expediente o resto da documentación (permisos, autorizacións...)

A Comisión acordou ditaminar favorablemente a resolución da alcaldía do 10 de xullo de 2008 e propor ao Pleno a súa aprobación."

A Corporación por unanimidade acordou aprobar o ditame emitido pola comisión informativa nos seus propios termos e que se remita este acordo á Consellería de Traballo.

3143.- APROBACIÓN BONIFICACIÓN DO 95% DA COTA ICIO CORRESPONDENTE AOS EXPEDIENTES DE URBANISMO: 235/08 DE D. AGUSTÍN MARTÍNEZ UCHA; 236/08 CÁNDIDO JABOIS; 237/08 D. VIVENCIO PIÑEIRO ESPERÓN; 238/08 D^a. MARÍA DEL CARMEN LUISA FRANCO RODRÍGUEZ E 241/08 D. JOSE LUIS VILLAVARDE MORA.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de xullo de 2008, e que di o que segue: "Dáse conta do expediente tramitado a instancia dos propietarios de varias edificacións que se pretenden rehabilitar dentro da Area de Rehabilitación de

Combarro, en virtude do Convenio asinado no seu día co Instituto Galego de Vivenda e Solo, prevíndose na Ordenanza reguladora aprobada a tal efecto unha bonificación do ICIO.

Dándose conta igualmente do dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, polo que se informa favorablemente os expedientes de rehabilitación en dita area, así como do informe da intervención municipal, de data 10 de xullo de 2008, de que a ordenanza fiscal preve a concesión dunha modificación individual de ata o 95% da cota que resulte por aplicación do tipo impositivo previsto para as vivendas unifamiliares e que a bonificación ten que aprobarse polo Pleno do concello por maioría simple.

A Comisión por unanimidade acordou propoñer ó Pleno a aprobación da bonificación do 95% da cota do ICIO das obras seguintes: Expte.235/08, D. Agustín Martínez Ucha; exp. 236/08 D. Cándido Jabois Torres; exp. 237/08 D. Vivencio Piñeiro Esperón; Exp. 238/08 D^a. María del Carmen Luisa Franco Rodríguez; exp. 241/08; D. José Luis Villaverde Mora e que se realicen os trámites correspondentes para liquidar a cada un dos propietarios o 5% do ICIO."

A Corporación por unanimidade acordou aprobar o ditame emitido pola comisión informativa de facenda nos seus propios termos e que se realicen os trámites necesarios para liquidar a cada un dos propietarios o 5% do ICIO.

3144.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP NA DEFENSA DA XORNADA LABORAL "NON AS 60-65 HORAS SEMANAIS".- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de xullo de 2008 e que di o que segue: "Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do PP e que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello o 01/07/2008 núm. 3545 pola denfensa da xornada laboral (non as 60-65 horas semanais) no que tras ampla exposición de motivos remata solicitando da corporación a adoptción do seguinte acordo:

1º.- O Concello de Poio expresa o seu rexeitamento á proposta da Directiva Europea que pretende ampliar a xornada de traballo 60 horas, 65 horas determinados sectores, por prexudicar seriamente os intereses sociolaborais dos traballadores.

2º.- O Concello de Poio manifesta a súa confianza en que a negociación colectiva siga a ser a vía e o eixo de xiro para acadar acordos no ámbito laboral e, en particular, para establecer a xornada laboral.

3º.- O Concello de Poio insta ao Goberno Central a modificar a súa tibia actual posición antes esta nova directiva, e votar no ante os futuros debates da directiva no seo da UE e do Parlamento Europeo.

4º.- O Concello de Poio insta a todas as formacións políticas con representación no seo da UE e no seo do Parlamento

Europeo a emprender iniciativas oportunas para a non aprobación da nova directiva.

5º.- Dar traslado destes acordos ao Presidente do Goberno en España e ao Presidente do Parlamento Europeo."

O Sr. Domínguez Lino explica o contido da moción presentada e solicitando o apoio para rexeitar a directiva que pretenden implantar xa que o pasado 9 de xuño aprobouse o proxecto da directiva para posteriormente tramitala no parlamento.

O Sr. Barreiro Lubián pregunta quen o impulsou en Bruselas e que postura tomou o Partido Popular.

O Sr. Domínguez Lino di que trata de adelantarse e posicionarse en contra e que a proposta é do Partido Laborista.

O Sr. Agís Gómez pregunta que vai votar o Partido Popular.

Sometida a votación a moción presentada sobre a defensa da xornada laboral (non ás 60-65 horas semanais) con 8 votos a favor (4 PP e 4 BNG), ningún voto en contra e dúas abstencións (2 PSOE) acordou ditaminar favorablemente e propor ao pleno a súa aprobación."

A contiuación, polo Grupo Municipal do PSOE preséntase unha emenda á moción presentada polo PP, en base aos seguintes acordos:

"1. concello de Poio expresa o seu rexeitamento á proposta da directiva europea que pretenda ampliar o tempo máximo de traballo semanal a xornada de traballo a 60 horas, 65 en determinados sectores, pois supón socavar os cimentos do dereito laboral comunitario, e prexudicar seriamente os intereses sociolaborais dos traballadores.

2. O Concello de Poio expresa a súa confianza no diálogo social e na negociación colectiva, recoñecida na constitución, como medio para a adopción de acordos entre os axentes sociais no ámbito laboral.

3. O Concello de Poio insta á Xunta de Galicia para que demande do goberno de España que emprenda iniciáticas oportunas no ámbito comunitario de cara a manter a actual semana laboral de 48 horas e vixencia da negociación colectiva como vía para alcanzar acordo no ámbito laboral.

4. O Concello de Poio insta ao Parlamento Europeo a tomar as medidas adecuadas en idéntico sentido de manter a actual semana laboral de 48 e a vixencia da negociación colectiva para lograr os acordos laborais."

A Sra. Besada Lores explica que os puntos son os mesmos que unha moción que nos tiñamos, por iso felicitamos ao grupo municipal do PP por poñerse na defensa dos traballadores aínda que o PSOE foi quen defendeu sempre aos traballadores, de feito naceu así. A emenda que nos presentamos é basicamente igual a moción pero nos cambiamos un pouco a expresión.

O Sr. Domínguez Lino explica que quen propuxo esta

iniciativa foi o Sr. Brown, do partido laborista. O que os demais partidos en Europa digan pouco podemos facer. Na directiva europea o PSOE e o goberno abstívose.

O Sr. Barreiro Lubián di que non hai quen ampare esta proposta non se vai aprobar xa que todos pensamos que é unha proposta nefasta. Sorprende a aptitude do PP, xa que o Ministerio de Traballo de países importantes de Europa de dereitas respaldaron a iniciativa. O importante é que esta proposta non se aprobe.

O Sr. Agís Gómez (respondendo ao Sr. Domínguez) en Inglaterra lévase aplicando fai anos; pero houbo un bloqueo pero agora en Italia e outros goberna o PP por iso agora a proposta estase a tratar.

O Sr. Villaverde Méndez manifesta que o PSOE felicita ao PP por presentar esta moción en contra da directiva, pero resulta, alo menos, estrano que presenten unha emenda igual, polo que se hai que felicitar a alguén é ao BNG xa que non presentou nada.

O alcalde explica o procedemento de votación e o que se votaría é a moción do PP coa introdución da emenda presentada polo PSOE.

Sometida a votación a moción presentada polo PP xunto coa emenda presentada polo PSOE esta quedou aprobada por unanimidade nos seguintes termos:

1º.- O Concello de Poio expresa o seu rexeitamento á proposta da Directiva Europea que pretende ampliar a xornada de traballo 60 horas, 65 horas determinados sectores, por prexudicar seriamente os intereses sociolaborais dos traballadores.

2º.- O Concello de Poio manifesta a súa confianza en que a negociación colectiva siga a ser a vía e o eixo de xiro para acadar acordos no ámbito laboral e, en particular, para establecer a xornada laboral.

3º.- O Concello de Poio insta ao Goberno Central a votar non ante os futuros debates da directiva no seo da UE e do Parlamento Europeo.

4º.- O Concello de Poio insta a todas as formacións políticas con representación no seo da UE e no seo do Parlamento Europeo a emprender iniciativas oportunas para a non aprobación da nova directiva.

5º.- Dar traslado destes acordos ao Presidente do Goberno en España e ao Presidente do Parlamento Europeo."

3145.- RATIFICACIÓN DO ACORDO 4908, RESOLUCIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN ACORDO PLENO APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN ALLEAMENTO PARCELA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA CON PETICIÓN DE SUSPENSIÓN DO PROCEDUREMTO.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas

de data 15 de xullo de 2008 e que di o que segue: "Dáse conta á comisión do acordo núm. 4908 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o 03/03/2008, sobre resolución recurso reposición presentado por D^a. Carmen Esperón Sertal en calidade de Presidenta da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Salvador baseado na suposta condición de ben litixioso da parcela obxecto de alleamento e que di textualmente: "4908.-RESOLUCIÓN RECURSO REPOSICIÓN ACORDO PLENO APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN ALLEAMENTO PARCELA MUNICIPAL PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA CON PETICIÓN DE SUSPENSIÓN DO PROCEDEMENTO.-Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, de conformidade co artigo 83 do R.O.F., R.D. 2568/1986, de acordo coa maioría requirida no artigo 47 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, dáse conta da presentación con data 5 de febreiro de 2008 de recurso de reposición contra Resolución do Concello de Poio polo que se presta aprobación ao prego de cláusulas administrativas particulares para a enaxenación por concurso de parcela municipal sita en rúa Valiña con destino á construción de vivendas de protección autonómica, por D^a Carmen Esperón Sertal en calidade de Presidenta da Asociación de Montes veciñais en man común de San Salvador de Poio, Poio (Pontevedra), baseado na suposta condición de ben litixioso da parcela xa que con data 29 de xullo de 2005 a citada Comunidade de Montes procedeu á interposición de demanda reivindicatoria fronte a empresa mercantil B.B.T., S.L. e o Concello de Poio por entender que a parcela sometida á actual licitación formaría parte do Monte veciñal.

Así mesmo e con data 7 de maio de 2007 publícase no DOG acordo de iniciación de expediente de deslinde pola Consellería de Medio Rural, que segundo a recorrente afectaría igualmente á parcela a enaxenar, incumprindo o disposto polo artigo 113 do Real Decreto. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

Solicita ademais a suspensión do procedemento de licitación ao abeiro do artigo 111 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común por entender que a infracción da citada norma patrimonial viciaría cunha nulidade de pleno dereito o expediente de contratación ao amparo do artigo 62.1º.c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, causando perxuizos de imposible ou difícil reparación.

Como consecuencia da presentación do antedito recurso de reposición, o alcalde solicita informe do equipo técnico que asesora ao Concello no expediente de deslinde, informe que é evacuado con data 29 de febreiro de 2008 co seguinte tenor:

"Por resolución de la Alcaldía de 11 de febrero de 2008 se nos solicita emitamos informe sobre el recurso de reposición interpuesto por la Comunidad de Montes Vecinales en

Mano Común de San Salvador de Poio contra la resolución municipal por la que se aprueba el pliego de cláusulas administrativas que regirán el concurso para la enajenación de una parcela urbana de titularidad municipal situada en Valiña.

Al respecto, entendemos que la recurrente no ha acreditado sea titular de la parcela que nos ocupa.

Consideramos que dicha parcela no es objeto del procedimiento declarativo número 748/05, que se tramita ante el Juzgado de Primera Instancia 3 de Pontevedra. Dicho procedimiento judicial que encuentra en tramitación, estando a la espera de que se señale la fecha del acto del juicio. Del escrito de demanda concluimos que en dicho pleito únicamente se reclama la propiedad de la finca donde ha construido BBT y el terreno cedido para vial, pero no esta parcela también cedida y objeto ahora de este recurso de reposición. En todo caso, debemos estar a lo que precise en la Sentencia que se dicte. Acompaño copia de la demanda y de la contestación formulada en nombre del Ayuntamiento.

En cuanto al procedimiento de deslinde, también se encuentra en tramitación. La Comunidad de Montes solicita la inclusión de los terrenos donde se encuentra la parcela dentro del monte en mano común, si bien consideramos muy difícil que la Administración Autonómica los incluya dado que, desde el punto de vista fáctico, entre esta parcela y lo que es el monte físicamente existen numerosas parcelas edificadas e inscritas en el registro e la propiedad a favor de los particulares, que las llevan poseyendo y disfrutando desde hace tiempo.

Por tanto, entendemos debe desestimarse el recurso si bien en el procedimiento concursal podríamos hacer referencia a las circunstancias antes expuestas para que los participantes en el del concurso tengan constancia de ellas, las asuman en su caso y, así, no causar indefensión alguna al adjudicatario y tratar de impedir una responsabilidad municipal en el improbable supuesto de que prevalezca la postura de la Comunidad de Montes en cuanto a la propiedad de los terrenos. No resulta razonable que el Ayuntamiento deba paralizar la transmisión de la parcela como consecuencia de un deslinde administrativo de monte en mano común que puede tardar muchos años en resolverse definitivamente, máxime cuando la parcela cedida al Ayuntamiento lo fue de un titular registral.

Este es nuestro parecer, salvo criterio mejor fundado en derecho".

Lémbrese que pese a que poidese finalmente quedar afectada polo deslinde que o contido do artigo 113 do Regulamento de Bens debe complementarse co disposto no artigo 136.2º da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas co carácter de lexislación supletoria en atención á súa Disposición derradeira segunda:

"Non obstante poderá venderse sen suxección ao

disposto no apartado anterior bens a segregar doutros de titularidade de quen os enaxena, ou en trámite de inscrición ou deslinde ou suxeitos a cargas ou gravámenes sempre que estas circunstancias se poñan en coñecemento do adquirente e sexan aceptadas por éste”.

Non tendo sido adxudicado o contrato e aínda que non apareza reflectido no prego, de acordo co informe, as circunstancias reseñadas serán postas en coñecemento do proposto coma adxudicatario para cumprir axeitadamente coas obrigas marcadas pola normativa exposta.

En canto á suspensión solicitada, entendendo que non concorre motivo ningún dos definidos no artigo 62.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro e que non acreditando a existencia de intereses superiores que prevalezan sobre o interese público existente nun procedemento destinado á construción de vivendas de protección autonómica (artigo 47 da Constitución e 25.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, entre outros) así coma os perxuizos de imposible ou difícil reparación que se causarían á comunidade de montes por ser éstos conceptos xurídicos indeterminados que necesitarían dunha concreción fáctica segundo as circunstancias concurrentes, a Xunta de Goberno Local por unanimidade e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2007, de conformidade co disposto no art. 21.1 k) da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), **acordou**

Primeiro: Desestimar o recurso de reposición interposto por D^a. Carmen Esperón Sertal contra o acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria realizada o 30 de outubro de 2007, polo que se presta aprobación ao expediente de contratación para o alleamento por concurso de parcela municipal sita en Rúa Valiña, para a construción de vivendas de protección autonómica.

Segundo: Desestimar igualmente a petición de suspensión do procedemento de contratación solicitado ao abeiro do artigo 111 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, por non concorrir as causas definidas no devandito precepto motivadoras ou xustificadoras de tal decisión polas razóns xa expostas.

Terceiro: Trasladar este acordo á interesada, con indicación de que contra o mesmo que pon fin á vía administrativa e de acordo co disposto no artigo 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, poderá interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da súa notificación, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

Cuarto: Dar conta do presente acordo ao Pleno na primeira sesión ordinaria que realice para os efectos da súa

ratificación, dada a obriga de resolver expresamente sobre as peticións formuladas no escrito da interesada dentro do mes seguinte ao da súa recepción, non tendo sido emitido o informe técnico con carácter previo á celebración da derradeira sesión ordinaria plenaria.”

A Comisión por unanimidade acordou ditaminar favorablemente a ratificación do devandito acordo núm. 4908 e propor ao pleno a súa aprobación.”

A corporación por unanimidade acordou aprobar o ditame emitido pola comisión informativa nos seus propios termos e ratificar o acordo núm. 4908, adoptado pola Xunta de Goberno Local do 03/03/2008.

3146.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ADHESIÓN-CONSTITUCIÓN PROGRAMA LEADER PARA GRUPOS PARA DESENVOLVEMENTO RURAL (GPR) PERIODO 2007-2013.- Pola Secretaria dáse conta do expediente e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de xullo de 2008 e que di o que segue: “Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, de conformidade co artigo 83 do R.O.F., R.D. 2568/1986, de acordo coa maioría requirida no artigo 47 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, dáse conta á comisión da resolución ditada pola Alcaldía de data 09/07/2008 e que di o seguinte: “Con data 9 de xullo de 2008 esta funcionaria ten coñecemento da comunicación da Asociación de Desenvolvemento Rural PRODER II-Comarca de Pontevedra, pola que se pon en coñecemento do Concello a publicación no DOG a convocatoria do Programa LEADER para Grupos de Desenvolvemento Rural coma paso previo á xestión de fondos do programa Galego de Desenvolvemento Rural que proveñen da Unión Europea, Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino e a Xunta de Galicia, con destino a proxectos que contribúan ao desenvolvemento do medio rural mediante a financiación de proxectos productivos xeradores de emprego e rendas que possibiliten a fixación de poboación no medio rural.

Para formar parte do Grupo será necesario acordar a participación do Concello de Poio xunto con outros municipios integrantes do territorio GDR 19 (Barro, Bueu, Campo Lameiro...) participando na Asamblea constitutiva convocada para o 15 de xullo de 2008 a través do representante que se designe para tal efecto.

No Grupo de Desenvolvemento Rural poderán participar todas as entidades públicas ou privadas do ámbito económico, social, cultural e veciñal, medio ambiental ou profesional que desexen implicarse no desenvolvemento integral do seu territorio.

Xunto coas competencias que en materia de medio ambiente ou emprego que corresponde aos concellos, os obxetivos que persigue o LEADER no novo periodo axudarán e permitirán

conseguir unha maior cohesión territorial.

Examinado o informe de Secretaría e tendo en conta que o prazo para a participación na Asamblea constitutiva remata o vindeiro día 15 de xullo de 2008, por motivos de urxencia e ao abeiro do establecido nos artigos 21.1º.k), 25 e 28 da Lei 7/1985, do 2 de abril e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, por medio da presente RESOLVO:

Primeiro.- Prestar aprobación a adhesión e participación no novo Grupo de Desenvolvemento Rural 19 para o novo programa LEADER 2007-2013.

Segundo.- Designar coma representante do concello ao Alcalde e coma sustituto do mesmo ao titular da concellería delegada de medio ambiente, D. Gregorio Agís Gómez.

Terceiro.- Dar traslado da presente Resolución á Asociación de Desenvolvemento Rural PRODER II-COMARCA DE PONTEVEDRA.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebra para os efectos da súa ratificación."

A Comisión por unanimidade acordou ditaminar favorablemente a ratificación da resolución sobre a adhesión e a participación no novo Grupo de Desenvolvemento Rural 19 para o novo programa LEADER 2007-2013 e propor ao pleno a súa aprobación."

A Corporación por unanimidade acordou aprobar o ditame emitido pola comisión informativa nos seus propios termos.

3147.- APROBACIÓN BONIFICACIÓN DO 95% DA COTA ICIO CORRESPONDENTE AO EXPEDIENTE DE URBANISMO 234/08, DE D^a. CONCEPCIÓN VILLANUEVA RODRÍGUEZ - Pola secretaria dáse conta do expediente e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de xullo de 2008 e que di o que segue: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, de conformidade co artigo 83 do R.O.F., R.D. 2568/1986, de acordo coa maioría requirida no artigo 47 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, dáse conta do expediente tramitado co motivo da solicitude de licenza de obras e bonificación na cota do ICIO solicitado por D^a. Concepción Villanueva Rodríguez en virtude do expediente 234/08 de reforma de cuberta, cambio de revestimento de fachada e carpintería interior e exterior nunha edificación sita en rúa Costa de Arriba, 5 de Combarro.

Dándose conta igualmente do informe emitido pola Intervención Municipal de data 08/07/2008 e do informe emitido pola Arquitecta Municipal no que se pon de manifesto que a edificación obxecto deste expediente está emprazada fora do eido do Plan Especial do Casco Histórico Artístico de Combarro.

A Comisión por unanimidade acordou ditaminar desfavorablemente a bonificación do 95% do ICIO por non estar a

vivenda emprazada dentro do Casco Histórico de Combarro e propor ao Pleno a súa denegación.”

O Sr. Barreiro Lubián explica que na comisión de facenda realizada denegouse a aprobación da bonificación do ICIO por tratarse dunha vivenda que se encontra fora do eido do Plan Especial do Casco Histórico Artístico de Combarro pero ao parecer hai antecedentes de outros expedientes similares que si se aprobaron polo que solicitamos retirar o expediente da orde do día e que sexa ditaminado novamente pola Comisión de Urbanismo co motivo de estudar os antecedentes.

A Corporación por unanimidade acordou deixar pendente este asunto e que se remita o expediente a unidade de urbanismo para que se comprobren os antecedentes das bonificacións do ICIO en vivendas que se emprazan no casco histórico de Combarro.

3148.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA 11/2008, CRÉDITO EXTRAORDINARIO.- Sometida a votación a inclusión deste asunto na orde do día sen ser ditaminada previamente por ningunha comisión informativa esta quedou aprobada por unanimidade.

A continuación, dáse conta do expediente tramitado, memoria da alcaldía de data 24 de xullo de 2008 e da proposta de data 22 de agosto de 2008 de D^a. Rosa Fernández González en calidade de Concelleira de Igualdade e Benestar Social na que propón que se habilite a partida orzamentaria para poder entrar no programa de “xantar na casa” que custa un total de 7,5 € ao día sendo a aportación municipal de 2€ o resto do custe sería asumido pola Xunta e polo propio usuario, esíxese un mínimo de 14 usuarios/as para poder entrar no programa.

No expediente, consta igualmente proposta da Concelleira de Mercados e do concelleiro de Desenvolvemento Local de data 22 de xullo de 2008 no que propoñen que se proceda a realizar unha modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario polo importe de 16960 €, como aportación municipal correspondente ao expediente In223A de concesión de subvención da Consellería de Innovación e Industria para levar a cabo o proxecto de Complementariedade do Comercio, Turismo e Hotería en Combarro e Estudo polo importe total de 37800 € correspondendo a aportación da consellería de 20840 €.

Dándose conta igualmente da solicitude de data 22 de xullo de 2008, de D^a. Luz Senra Lorenzo, Concelleira de Educación e Consumo no que solicita que se conceda por parte do concello unha subvención de 0,60 € por neno ao día ás ANPAS Do CEIP de Lourido e de Chancelas para afrontar o custo de dito servizo a partir do mes de setembro, e polo tanto que se dote o necesario crédito orzamentario na partida correspondente para sufragar o importe da subvencion correspondente ao periodo setembro-décembro 2008.

No expediente tramitado consta informe favorable da

Intervención Municipal de data 24 de xullo de 2008, no que se indican os trámites necesarios para poder levar a cabo esta nova modificación orzamentaria.

O Sr. Domínguez Lino pregunta que custo ten o servizo do comedor ao día e cal é a proporción da aportación da Xunta.

A Sr. Senra Lorenzo di que non é un custo fixo e ademais varía este ano xa que o cathering aporta dúas horas de entretemento dos nenos. Hai axudas para abrir os colexios en horarios extraordinarios e este ano complementara en unha ou dúas horas á semana. Pero non había consignación e a Xunta aporta ao redor de 6 €, máis o menos como nos.

O Concello aportará unha cantidade fixa e a aportación da xunta variará dependendo do baremo a través da información que facilitan as ANPAS de feito existe un convenio.

O Sr. Domínguez Lino di que queren que a Xunta non cree unha necesidade primeiro aportando e logo o deixe de facer.

En relación, coa proposta da concelleira non fala de persoas con poucos recursos.

A Sra. Fernández González di que esa valoración é unha tarefa da traballadora social de cada concello (2€ 2,5 € 3,5€)

A corporación por unanimidade acordou aprobar inicialmente a modificación orzamentaria 11/2008, crédito extraordinario, nos termos propostos e que se someta a información pública polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio no BOP, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno, o expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o prazo de exposición pública non se presenta ningunha reclamación, de presentarse estas serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes.

3149.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA 12/2008, SUPLEMENTO DE CRÉDITO.- Sometida a votación a inclusión deste asunto na orde do día sen ser ditaminada previamente por ningunha comisión informativa esta quedou aprobada por unanimidade.

Pola Secretaria Xeral dáse conta da proposta do Concelleiro Delegado de Medio Ambiente de data 23 de xullo de 2008 e que di o seguinte: "A principios de ano produciuse unha rotura no emisario submarino de Raxó co consecuente un vertido que era necesario reparar antes do comezo da época estival.

Sendo necesario por tanto proceder á reparación da mesma, e ante a negativa da empresa concesionaria Aquagest a quen corresponde a tarefa de realizar tal reparación, encargouse D. Juan Manuel Sartages García, buceador profesional, a realización dos traballos de reparación consistentes en acercamento de dúas tuberías, reparación de rotura e colocación de eslingas de nylon en abradazadeiras de suxección presentando un orzamento pola realización dos traballos que ascenden a 17910 €.

No orzamento do vixente exercicio 2008 existe crédito na

partida 441.21300 na que correspondería contabilizar o gasto, según información subministrada pola intervención, por importe unicamente de 344,80 €, importe claramente insuficiente para responder ao aboamento da factura polos servizos prestados.

Polo tanto, e ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para os que non existe crédito suficiente no vixente orzamento da corporación propónse a realización dunha modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito para sufragar o importe das actuacións xa realizadas."

A proposta do Concelleiro vai acompañada dunha memoria da alcaldía da mesma data na que remata considerando que é necesario levar a cabo o gasto mencionado por tratarse de gastos necesarios para o correcto funcionamento dos servizos e actividades que se deben levar a cabo polo Concello.

O expediente foi informado pola intervención municipal con data 23 de xullo de 2008, no que se expoñen os trámites necesarios para levar a cabo esta nova modificación orzamentaria.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que estamos ante o segundo caso como este, xa que na anterior lexislatura tamén houbo un caso por un importe de 30000 € e non cremos que teñamos que facernos cargo e en base ao prego asinado con Aquagest e non temos porque facernos cargo, votaremos en contra desta modificación.

O Sr. Agís Gómez explica que o concelloten a obriga de subsanar as deficiencias, pero a empresa mantén que a zona está fora da zona marítimo terrestre e nos queremos que a empresa se faga cargo. Pero nos temos que pagarlle á persoa que fixo os traballos e estamos a traballar para que a concesionaria se faga cargo pero ata agora temos que nos soportar este custo.

A corporación por unanimidade acordou aprobar inicialmente a modificación orzamentaria 12/2008, suplemento de crédito, nos termos propostos e que se someta a información pública polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio no BOP, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno, o expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o prazo de exposición pública non se presenta ningunha reclamación, de presentarse estas serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes.

MOCIÓNS URXENTES.- prodúcense as seguintes:

3150.- URBANISMO, PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE POIO, DE DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NÚM. 16-B15, NA RÚA CLEMENTE ECHEVERRÍA, 1-RAXÓ, PROMOVIDO POR D^a. CAROLINA ECHEVERRÍA PARDO.- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, de conformidade co disposto no artigo 83 do ROF, RD 2568/1986, de acordo coa maioría requirida no artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réximen local, dáse conta á corporación do expediente tramitado e proxecto de modificación presentado sobre

proxecto modificación puntual do catálogo, descatalogación do ben protexido núm. 16-B15 na rúa Clemente Echeverría núm. 1 de Raxó redactado polos arquitectos D. José Antonio Sueiro Sueiro e D. Elias Cueto Álvarez visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 03/07/2008.

Pola Secretaria Xeral dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 29 de xullo de 2008 e que di o seguinte: **"6781.- EXP. 425/07.- PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE POIO, DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTECIDO NÚM. 16-B15, EN RÚA CLEMENTE ECHEVERRÍA,1-RAXÓ, PROMOVIDO POR D^a. MARÍA ESTHER CAROLINA ECHEVERRÍA PARDO.-** E previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello de Poio que di textualmente: "Visto o expediente tramitado, e proxecto de modificación presentado, así como o disposto no Plan de Ordenación Municipal vixente e na Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, teño a ben informar o seguinte:

Primeiro: con data 17 de decembro de 2007, esta asesoría emitiu informe sobre os trámites a seguir para a descatalogación de dito edificio, propoñendo como primeira solución, a modificación puntual do Plan Xeral no referente ó Catálogo para descatalogar dito edificio, indicándose en dito informe os trámites a seguir.

Segundo: con data 18 de abril de 2008 emitiuse novo informe por esta asesoría no que se da conta da decisión adoptada polo Director Xeral de Desenvolvemento Sostible de data 25 de marzo de 2008, declarando a non neceseriedade de someter á avaliación ambiental estratéxica a modificación do PXOM do Concello de Poio con motivo da descatalogación de dito edificio; e constando igualmente no expediente o informe da Delegada Provincial da Consellería de Cultura, de 8 de abril de 2008, indicando que non atopa inconveniente en iniciar os trámites para a descatalogación do edificio.

Terceiro: previa autorización concedida pola Xunta de Goberno Local, por acordo nº 5162, adoptado en sesión de 5 de maio de 2008, con data 16 de xullo de 2008 preséntase escrito por Dna. María Esther Carolina Echeverría, xuntando proxecto redactado polos arquitectos D. José Antonio Sueiro Sueiro e D. Elias Cueto Álvarez, visado o 3 de xullo de 2008, solicitando que se proceda á aprobación de dita modificación puntual.

Cuarto: examinado dito proxecto, considera o informante que o proxecto presentado fundaméntase en razóns de interese público, previstos no art. 94.1 da Lei 9/2002, perseguíndose co mesmo o desconxestonamento urbano, a mellora da articulación dos espazos libres públicos, así como a resolución de problemas de circulación que plantexa a angostura do vial actualmente existente e afectado en parte polo edificio

que se pretende descatalogar.

Facéndose constar igualmente que a modificación que se pretende non implica incremento da intensidade de uso da parcela, nin alteran os sistemas xerais previstos no Plan, polo que, de conformidade co disposto no art. 93.4 da lei 15/2004, de 29 de decembro, non se necesita informe previo da Dirección Xeral de Urbanismo para a probación inicial.

Por todo iso, considero que, previo informe da Arquitecto Municipal e da Secretaría Xeral do Concello, e ditame da Comisión Informativa de Urbanismo pode o Pleno do Concello proceder á aprobación inicial deste proxecto de modificación puntual do Catálogo, coa finalidade de excluír dito edificio do Catálogo e pasando a rexerse polo Plan Xeral, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, sometendo o proxecto a información pública durante o prazo de un mes, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous dos xornais de maior difusión da provincia.

Simultaneamente á información pública solicitaráse informe da Delegación Provincial de Cultura e da Consellería de Medio Ambiente, respecto ó proxecto de Modificación Puntual que se aprobe.

E cumpridos os trámites sinalados o Pleno do Concello aprobará provisionalmente este proxecto de modificación puntual, remitindo o expediente completo á CPTOPT. para a súa aprobación definitiva, todo iso de conformidade co disposto no art. 85 e 93.3 en relación co art. 53.1 f) da lei 9/2002, de 30 de decembro."

E previa lectura informe emitido pola Arquitecta Municipal, que di textualmente: "Examinado o proxecto de Modificación puntual do Catálogo de edificios do PXOM de Poio, relativa á descatalogación do ben protexido nº16-b15 situado na rúa Clemente Echevarría, 1, de Raxó, redactado polos arquitectos José Antonio Sueiro Sueiro e Elías Cueto Álvarez e visado o 03/07/2008, a técnico municipal emite o seguinte informe:

1. O interese e o obxecto da modificación puntual do PXOM referida no proxecto, están debidamente fundamentados dado o interese xeral que supón o cumprimento da aliñación oficial sinalada no plano 7.4, de usos pormenorizados do solo urbano de Raxó, e o baixo interese do inmovible e a inexistencia de elementos singulares que motiven a súa conservación, mellora ou recuperación.

Ditos fundamentos cumpren as determinacións tanto da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e da Lei 15/2004, de modificación da Lei 9/2002, como da normativa do PXOM, no relativo ás modificacións puntuais do planeamento.

2. A modificación puntual do Catálogo do PXOM para a descatalogación do ben protexido nº16-b15, non altera a clase de solo, nin a ordenación pormenorizada (plano 7.4), nin aumenta a

edificabilidade asignada pola Ordenanza 1, nin a densidade de vivenda establecida no PXOM. Así mesmo, non afecta a zonas verdes ou espazos libres públicos.

3. En canto ó contido documental do proxecto de modificación puntual, tanto literal como gráfico, cumpre tanto coas determinacións do Regulamento de Planeamento como coas determinacións do PXOM establecidas no capítulo 1. "Disposicións Xerais", apartado 5 "Modificación": "(...) Toda modificación producirase co grao de definición documental correspondente ó planeamento xeral (...)"

Neste caso, o proxecto de modificación puntual contén memoria descritiva, de proposta e xustificativa, reportaxe fotográfica, levantamento topográfico e planos.

4. Polo exposto, infórmase favorablemente o proxecto de modificación puntual do Catálogo do PXOM redactado polos arquitectos José Antonio Sueiro Sueiro e Elías Cueto Álvarez e visado o 03/07/2008, para a súa aprobación inicial."

E previa lectura do informe emitido pola Secretaria Xeral que di textualmente: "Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal pertencente ás Subescalas de Secretaría-Intervención e Secretaría, categoría de entrada, en cumprimento do establecido no artigo 54 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, emito o seguinte **INFORME**

1. Antecedentes de feito

- Con data 10 de decembro de 2007 o alcalde suscribe proposta de descatalogación de edificación sita na rúa Clemente Echevarría nº 1, de Raxó para posibilitar o desenvolvemento do sistema viario previsto no Plan.

- Consta no expediente informe do asesor xurídico no que se contemplan tres posibilidades de actuación en relación á proposta formulada: modificación puntual do Plan Xeral, descatalogación do edificio ou tramitación reducida con informe previo de Cultura.

- A Comisión informativa en materia de urbanismo de 18 de decembro de 2007 acordou ditaminar favorablemente a proposta remitindo á decisión do Pleno a elección entre as distintas opcións ou alternativas.

- Non existindo documentación técnica que xustifique o carácter e alcance das obras a realizar en relación ao grado de afectación do ben catalogado e non existindo informe técnico que permitise acreditar que non se producía non so incremento do uso edificatorio nin reclasificación de solo, recomendábase que o expediente se retirase ó abeiro da facultade prevista no artigo 92 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro para os efectos de que se incorpore ao mesmo a documentación citada no informe e se realizase a preceptiva consulta á administración

autonómica nos termos do artigo 5 da Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e protección do litoral de Galicia.

- Retirado o asunto da orde do día do Pleno por acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o 26 de decembro do 2008, con data 3 de abril do 2008, número de rexistro 1740, ten entrada comunicación da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, pola que se pon en coñecemento do concello a non necesariedade de someter a avaliación ambiental estratéxica a modificación do PXOM consistente na descatalogación dun edificio sito na rúa Clemente Echeverría. Así mesmo e con data 15 de abril do 2008, número rexistro de entrada 2032, tívose coñecemento da comunicación da Consellería de Cultura e Deporte pola que se acordaba de forma motivada que: "...Nas actuais circunstancias, a Comisión non atopa inconveniente en iniciar os trámites para a descatalogación do edificio. Por outra parte, deberá presentarse información (antigüidade, fotografías) sobre o hórreo existente na parcela". Non obstante tras a remisión de escrito pola interesada con indicación de que na parcela non existe hórreo ningún, o 14 de xullo do 2008 a delegada provincial da Consellería de Cultura e Deporte, daba por cumprida a solicitude de información da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico do 1 de abril de 2008, procedemento ao seu arquivo.

- Presentado proxecto de modificación puntual do Catálogo polos particulares interesados emítese novo informe da asesoría xurídica do 22 de xullo do 2008, no que se pon de manifesto que : "...Examinado dito proxecto, considera o informante que o proxecto presentado fundaméntase en razóns de interese público, previsto no artigo 94.1 da Lei 9/2002, perseguíndose co mesmo o desconxestonamento urbano, a mellora da articulación dos espazos libres públicos, así como a resolución de problemas de circulación que plantexa a angostura do vial existente e afectado en parte polo edificio que se pretende descatalogar.

Facéndose constar igualmente que a modificación que se pretende non implica incremento da intensidade de uso da parcela, nin alteran os sistemas xerais previstos no Plan, polo que, de conformidade co disposto, no artigo 93.4º da Lei 15/2004, de 29 de decembro, non se necesita informe previo da Dirección Xeral de Urbanismo para a aprobación inicial"

- Coa mesma data emítese informe favorable pola arquitecto municipal no que entre outros extremos, xustifícase a existencia de causas de interese público que avalarían ou motivarían a modificación proposta e se manifesta que a modificación puntual: "...non altera a clase de solo, nin a ordenación pormenorizada (plano (7.4), nin aumenta a

edificabilidade asignada pola Ordenanza 1, nin a densidade de vivenda establecida no PXOM. Así mesmo, non afecta a zonas verdes ou espazos libres públicos”.

2. Consideracións xurídicas.

Primeiro.- Alcance da proposta de descatalogación.

Respecto á necesariedade de proceder a modificar puntualmente o Plan xeral para realizar a descatalogación, remítome ao xa informado con data 26 de decembro do 2007.

Segundo.- Interese público.

Conforme ao artigo 94 da Lei 9/2002, do 30 de decembro: “Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas e encamiñadas á mellora substancial da ordenación urbanística vixente, ó desconxestonamento urbano, á mellora da articulación dos espazos libres públicos e dos volumes construídos, á eliminación de usos non desexables ou á incorporación doutros necesarios, á creación de novas dotacións urbanísticas públicas, á resolución de problemas de circulación e a outros fins públicos”.

Tal e como se desprende dos antecedentes de feito, os informes do asesor e da arquitecto municipal realizan especial pronunciamento sobre a concurrencia dentro das previstas no precepto transcrito, de distintas razóns de interese público que fundamentarían a modificación proxectada.

Terceiro.- Límites e requisitos.

Do exame dos artigos 93, 94 e 95 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, despréndese a existencia dunha serie de requisitos e límites á modificación:

a) Non se poden formular modificacións durante os procesos de formación ou revisión do planeamento xeral (artigo 94.2º)

b) Se a modificación tendese a incrementar a intensidade do uso dunha zona, requirirase para aprobala a previsión de maiores dotacións públicas, de acordo cos estándares establecidos no apartado 2 do artigo 47, debendo situarse as novas dotacións no mesmo distrito ou sector, segundo se trate de solo urbano ou urbanizable. (artigo 94.3º).

c) Se a modificación dos plans afecta a zonas verdes ou espazos libres públicos, requirirase previo informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia (artigo 94.4º).

d) Prohíbese a conversión ou inclusión directa de solo rústico na clase de solo urbano (artigo 95.1º), e se cambia solo rústico por urbanizable deberase xustificar o cambio proposto dentro dos termos do artigo 95.2º con excepción do rústico que sufrise os efectos dun incendio forestal dende o 1 de xaneiro de 2003 ou nos cinco anos anteriores salvo autorización expresa do Consello da Xunta.

O concello de Poio non está a tramitar formación ou

revisión do PXOM ningunha, desprendéndose dos informes técnicos obrantes no expediente nos termos descritos nos antecedentes de feito que a modificación non implica conversión nin reclasificación de solo, non afecta a zonas verdes nin espazos libres, non aumenta a densidade de vivenda establecida no PXO nin edificabilidade asignada pola Ordenanza 1.

Cuarto.- Procedemento.

O artigo 93.4º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, suxeita as modificacións de calquera dos elementos dos plans ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación, o que tratándose do PXOM supón a aplicación do procedemento regulado no artigo 85 da Lei.

Segundo o informe da arquitecto municipal do 22 de xullo do 2008 para os efectos do artigo 93.4º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, a modificación puntual: "...non altera a clase de solo, nin a ordenación pormenorizada (plano (7.4), nin aumenta a edificabilidade asignada pola Ordenanza 1, nin a densidade de vivenda establecida no PXOM. Así mesmo, non afecta a zonas verdes ou espazos libres públicos", polo que non será necesario solicitar o informe previo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte.

Desta forma deberán realizarse os trámites previstos no informe do asesor do 22 de xullo de 2008 pero solicitando durante a fase de información pública, e a xuízo desta funcionaria, non solo o informe da consellería de Cultura senon de todos os previstos na normativa sectorial aplicable implicada na modificación (carreteras, costas...).

Quinto.- Órgano competente.

O artigo 22.2º .c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, modificada pola disposición adicional novena do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño polo que se aproba o texto redundido da Lei do solo, establece que corresponde en todo caso ao Pleno.

"...

c) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxeto a alteración de calesquera de ditos instrumentos".

Dito acordo deberá ser adoptado polo Pleno por maioría absoluta do seu número legal de membros segundo o artigo 47.2º.11) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

En función do exposto infórmase favorablemente a modificación proposta sempre e cando se sigan as recomendacións desta informante en canto ao procedemento a seguir e informes a solicitar.

Esta comisión acorda: adherirse a ditos informes"

A Corporación por unanimidade acordou:

Primeiro: aprobar inicialmente o proxecto de

modificación puntual do catálogo, descatalogación do ben protexido núm. 16-B15 na rúa Clemente Echeverría redactado polos arquitectos José Antonio Sueiro Sueiro e Elias Cueto Álvarez visado polo Colexio oficial de Arquitectos de Galicia, de conformidade cos informes reseñados.

Segundo: someter o expediente a información pública polo prazo dun mes no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais de maior divulgación provincial.

Terceiro: durante o mesmo tempo do trámite de información pública, a administración municipal deberá recabar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, de conformidade co disposto no artigo 86.1.b da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

3151.URBANISMO, EXP.343/08.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E APROBACIÓN INICIAL DO INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL, DO CONCELLO DE BARRO.- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, de conformidade co disposto no artigo 83 do ROF, RD 2568/1986, de acordo coa maioría requirida no artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réximen local, dáse conta á corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 29 de xullo de 2008 e que di o que segue: "Previo lectura do informe emitido pola Arquitecto Municipal que di textualmente:

"Examinada a documentación remitida polo Concello de Barro o 11/04/2008 e o 27/05/2008 con entrada no Rexistro nº1967 e nº2852, respectivamente, en relación á aprobación inicial da modificación puntual do PXOM dese concello e o ISA, a técnico municipal emite o seguinte informe:

O Alcalde do Concello de Barro remitiu para a fase de consultas ás administracións afectadas, segundo o artigo 7.b) da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, a seguinte documentación:

- Documento de aprobación inicial da Modificación puntual do PXOM do Concello de Barro, redactada pola empresa Cid, Santos y Parga arquitectos, S. L. en marzo de 2008.

- Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA) para dita modificación.

Examinados ditos documentos debo participar que si ben o Concello de Barro é limítrofe co Concello de Poio, segundo os planos de situación achegados, os terreos afectados pola modificación puntual do PXOM non limitan con terreos do Termo municipal de Poio.

Por tanto, as disposicións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio non se ven afectadas polas disposicións da

Modificación puntual do PXOM do Concello de Barro aprobada inicialmente."

Previa lectura do informe emitido polo Enxeñeiro Municipal que di textualmente:

"Examinada la documentación de la aprobación inicial de la modificación puntual del P.X.O.M. e informe de sostenibilidad ambiental do Concello de Barro - Pontevedra, se comprueba que según planos e información facilitada por el Concello de Barro, el emplazamiento y desarrollo de dicha modificación no linda con terrenos del Concello de Poio, por tando el P.X.O.M. de Poio no se ve afectado por las disposiciones de modificaciones de dicho Plan de Barro citado con anterioridad."

E previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que di textualmente:

"Vista a documentación remitida polo Concello de Barro e o disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia modificada pola lei 15/2004, de 29 de decembro, e o previsto na lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente e a lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, teño a ben informar o seguinte:

PRIMEIRO.- A Lei 9/2006, de 28 de abril, ten por obxecto promover un desenvolvemento sostíbel, conseguir un elevado nivel de protección do medio ambiente e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e adopción de plans e programas, mediante a realización dunha avaliación ambiental de aqueles que poidan ter efectos significativos sobre o medio ambiente, que se elaboren ou aproben por unha administración pública.

No caso de plans e programas cuxa elaboración ou aprobación corresponda ás entidades locais, as actuacións previstas nesta lei corresponderán á administración que determine a lexislación autonómica.

O art. 7 da mesma lei establece que a lexislación reguladora dos plans e programas introducirán no procedemento administrativo aplicable para a súa elaboración e aprobación un proceso de avaliación ambiental no que o órgano promotor integrará os aspectos ambientais e que constará das seguintes actuacións:

a) A elaboración dun informe de sostenibilidade ambiental (I.S.A.) cuxa amplitude, nivel de detalle e grao de especificación será determinado polo órgano ambiental.

b) A celebración de consultas ás administracións públicas afectadas.

O procedemento que estableza a lexislación autonómica correspondente para realizar a avaliación ambiental e estratéxica debe asegurar que a avaliación ambiental sempre se

realice durante o proceso de elaboración dos plans ou programas e antes da aprobación.

Previndo igualmente esta lei que as entidades locais consultadas **poderán incorporar un pronunciamento expreso acerca do plan ou programa.**

SEGUNDO.- En cumprimento da lei citada no apartado anterior a Xunta de Galicia aprobou Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, que entrou en vigor o 17 de maio de 2007, dedicando o capítulo segundo da lei (arts. 5 ao 8) a regular o procedemento e os instrumentos de ordenación aos que son aplicables as previsións de avaliación ambiental e estratéxica esixida pola lei estatal.

Estando suxeito a este procedemento de avaliación ambiental e estratéxica as modificación do Plan Xeral que aproben as entidades locais.

Establecendo igualmente que o procedemento de avaliación ambiental e estratéxica dos instrumentos de ordenación do territorio ou de planeamento urbanístico **tramitarase simultaneamente co procedemento legalmente establecido para a súa aprobación.**

E indicando que o plan aprobado inicialmente con tódolos documentos que o integran, incluído o informe de sostenibilidade ambiental, someterase simultaneamente as consultas previstas no documento de referencia, entre eles ás entidades locais colindantes co municipio que tramite o plan, tendo estas o prazo de dous meses para alegar o procedente.

TERCEIRO: De conformidade cos preceptos legais citados, o 11 de abril de 2008, tivo entrada no Concello de Poio o escrito de 7 de abril de 2008 do Sr. Alcalde do Concello de Barro, remitindo unha certificación do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Barro, de data 27 de marzo de 2008, aprobando inicialmente o proxecto de modificación puntual e informe de sustentabilidade, redactado pola Consultoría Cid, Santos e Parga Arquitectos, S.L.

E requiríndolle a ese Concello para que remitiran ó Concello de Poio, ademais do acordo plenario o documento de aprobación inicial de modificación do Plan Xeral en soporte informático, con data 27 de maio de 2008 tivo entrada no Concello de Poio o escrito do Sr. Alcalde do Concello de Barro, xuntando o documento solicitado en "CD".

Con data 22 de xullo de 2008, emítense os informes correspondentes, tanto pola Arquitecto Municipal como polo Enxeñeiro Municipal, nos que indican que as disposicións do Plan Xeral de Poio non se ven afectadas coa modificación puntual efectuada polo Concello de Barro.

Por todo iso, considera este informante que se debe dar conta da Modificación Puntual do Plan e do Informe de Sostenibilidade Ambiental aprobados inicialmente polo Concello

de Barro, ó Pleno do Concello de Poio para o seu coñecemento, previo dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, facéndose constar por esta asesoría que ao non estremar a Modificación Puntual remitida co termo municipal de Poio, non se estima necesario formular ningunha alegación contra o mesmo, por non afectar a Modificación Puntual ás competencias do Concello de Poio, remitíndose o acordo que se adopte ao Concello de Barro para unión ao expediente”

E previa lectura do informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello, que di textualmente:

“Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal pertencente ás Subescalas de Secretaría-Intervención e Secretaría, categoría de entrada, emite o seguinte **INFORME**

1. Antecedentes de feito.

- Relación de expedientes informados para a súa inclusión na orde do día da Comisión Informativa de urbanismo a celebrar o vindeiro 29 de xullo de 2008:

• Expediente 343/08, aprobación inicial da modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal do concello de Barro e aprobación inicial do informe de sustentabilidade ambiental.

- Examinado o expediente acredítase, a incorporación de informe favorable da arquitecto e informe favorable do asesor xurídico e do enxeñeiro, prestando éste último servizo en virtude de contrato administrativo de consultoría e asistencia.

2. Consideracións xurídicas.

Primeiro.- Procedemento aplicable.

Examinado o contido do informe emitido polo asesor xurídico do 22 de xullo de 2008, esta funcionaria presta conformidade as consideracións que no mesmo se realizan en canto á normativa aplicable e procedemento a seguir.”

Esta Comisión acorda: Adherirse a ditos informes”

A Corporación por unanimidade acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo nos seus propios termos, e que se remita este acordo ao Concello de Barro.

3152.- DESENVOLVEMENTO LOCAL, ADHESIÓN DO CONCELLO Á CARTA DE AALBORG+10.- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, de conformidade co disposto no artigo 83 do ROF, RD 2568/1986, de acordo coa maioría requirida no artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réximen local, dáse conta á corporación do escrito remitido pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o 23 de xullo de 2008, núm. 4009, polo que se require á adhesión á Carta de Aalborg +10 para poder seguir coa tramitación da solicitude de adhesión á Rede Galega de Concellos

pola Sostibilidade ao abeiro da Orde do 23 de maio de 2008, pola que se crea a "Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade" (Dog núm. 107, de 4 de xuño de 2008), acompañándose no escrito o manifesto da Carta de Aalborg+10.

Consta no expediente proposta da alcaldía de data 24/07/2008 e que di o seguinte: "**ANTECEDENTES: Primeiro:** con data 25 de xuño de 2008 o Pleno desta Corporación en sesión ordinaria supletoria aprobou por unanimidade a proposta desta alcaldía 12 de xuño de 2008, ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, de data 17 de xuño de 2008, pola cal este Concello se adhire á Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade ao abeiro da Orde do 23 de maio de 2008, pola que se crea a Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade (DOG núm. 107, de 4 de xuño de 2008), remitíndose a correspondente documentación á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Segundo: con data 23 de xullo de 2008 recíbese neste Concello escrito da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible pola que se nos require a remisión dun documento debidamente validado que certifique a adhesión do Concello á Carta Aalborg+10, como requisito para poder seguir coa tramitación da adhesión á Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade.

Tendo en conta o anteriormente exposto, **PROPONSE** ao Pleno a aprobación da adhesión deste Concello a Carta Aalborg +10, tratándose por razón de urxencia no Pleno do 29 de xullo de 2008, sin ser ditaminada previamente pola Comisión de Facenda xa que se realizan o terceiro martes de cada mes (15/07/2008) recibíndose o escrito o 23 de xullo de 2008."

O Sr. Agís Gómez explica que no Pleno de xuño aprobouse unha serie de compromisos para a adhesión á rede galega de concellos pola sostibilidade no que tamén nos teríamos que adherir á Carta de Aalborg+10 pero non se fixo e temos que adherirnos porque é un requisito.

O Sr. Alcalde explica que o Concello xa estaba adherido á Carta Aalborg pero agora trátase dunha distinta que é a que xunta o escrito.

Os demais membros da corporación manifestan a súa conformidade á carta.

A Corporación por unanimidade acordou:

Primeiro: tomar coñecemento do contido da Carta de Aalborg+10 e adherirse á Carta de Aalborg +10 nos seus propios termos.

Segundo: facultar ao Sr. alcalde para a súa sinatura e que se remita este acordo á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para que continue coa tramitación da adhesión deste concello á rede galega de concellos pola sostibilidade.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- prodúcense as

seguintes:

O Sr. Domínguez Lino di que no último pleno preguntaron sobre as novidades que había nas comisións do Vao e contestouse por parte do Sr. Alcalde que non houbera ningunha comisión e polo tanto non había ningunha novidade.

Sorpréndenos, cando lemos esta semana na xunta de goberno e tramitado por razón de urxencia lévanse dous temas sobre o Vao.

Primeiro.- a resolucións dos contratos de aluguer das vivendas de Monteporreiro.

Segundo.- un convenio de colaboración coa Consellería de Vivenda para facilitar o acceso de tres familias do Vao.

Queremos preguntar con respecto a isto, Sr. Alcalde Sra. Vicealcaldesa,

1º á Sra. Besada como se pode entender a súa postura de abstención no punto da resolución dos contratos de aluguer das vivendas de Monteporreiro cando esta proposta según consta na acta da xunta de goberno está feita polos concelleiros de benestar social e de urbanismo, PSOE e BNG, respectivamente.

Logo, enfádase cando lle dicimos que pola mañá goberna e pola tarde é oposición, ás probas nos remitimos.

Pola mañá a concellería de benestar social xunto coa de urbanismo envía unha proposta á Xunta de goberno e pola tarde vostede abstense á proposta no seu propio partido. Poderíanos explicar isto?

A Sra. Besada di que cando chega á Xunta de Goberno Local a proposta faltaba documentación, por iso o noso voto foi a abstención, non estaba completo.

O Sr. Domínguez Lino explica que hai un informe de intervención xunto coa proposta da concelleira de benestar social e urbanismo.

Na resolución dos contratos baséanse en que non se ingresaron o importe da renda nin satisfeito a contía da fianza.

Por tanto, Sr. Sobral, Sra. Besada como demostramos noutros plenos o concello (a pesar de que o alcalde o negou) por certo estamos esperando a copia dos costes repercutidos aos inquilinos de luz, comunidade, etc. Repito este concello soportando os gastos das vivendas de Caritel e Boa Vista.

Entendemos que nin o coste da fianza non a cota do aluguer se está pagando como noutros casos.

Se é así, para que non se dean máis discriminacións pedimos e rogamos que se rescindan tamén os contratos de aluguer de Boa Vista e Caritel, non queremos máis agravios comparativos que levamos sufrindo moitos.

O Sr. Alcalde contesta que se lle fará chegar unha copia dos gastos soportados polos alugueiros. Os arrendatarios fanse cargo dos gastos que ocasionan tanto en Caritel como en Boa Vista, en Monteporreiro non porque os arrendatarios nunca fixeron uso das vivendas. Nos somos os titulares pero logo eses gastos

repercutense.

O Sr. Domínguez Lino reitera a solicitude do escrito onde se reflitan os gastos do aluguer das vivendas de Caritel e Boa Vista, nos pedimos copia do pagamento do alugueiro, fianzas e outros gastos desde o inicio.

O Sr. Martínez Blanco di que a lei esixe que algúns gastos sexan a cargo dos propietarios.

O Sr. Domínguez Lino pregunta se se puxo de manifesto esta resolución dos contratos na Comisión do Vao e se se informou aos veciños afectados nas negociacións e finalmente se se tivo en conta a postura das partes afectadas que son os veciños do Vao.

O Sr. Alcalde contesta que si se puxeron de manifesto e que todos os acordos están recollidos en acta.

O Sr. Domínguez Lino pregunta en relación co convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo, IGVS e o Concello de Poio para facilitar o acceso a 3 familias chabolistas.

Gustaríanos preguntar ao Sr. Sobral e a Sra. Besada o porque seguen sen facerlle caso aos informes tanto da intervención como da secretaría, os que non apoian o procedemento que elixiron, non entendemos como desde o equipo de goberno non se fan caso dos informes dos técnicos municipais; ademais preguntarlle ao ser permuta como van a facer a adxudicación directa ás familias e que requisitos se seguirán. Non dereito as demais familias de Poio a optar ás vivendas.

Tamén preguntar, se as vivendas contan coa correspondente licenza de obra menor.

O Sr. Barreiro Lubián di que estaba presente nas reunións e votouse maioría.

As vivendas adquiridas en Boa Vista, Caritel e Monteporreiro foi a través dunha subvención da xunta, publicadas no DOG e os posibles beneficiarios teñen que reunir unha serie de requisitos, un dos que sería vivir en chabolas durante certo tempo.

Compráronse as vivendas a través da orde, por motivos xa coñecidos foi imposible habitar as vivendas de Monteporreiro e permutáronse por outras no Vao cos mesmos requisitos a única diferenza é que se trata dun poblado de transición e polo tanto non será definitivo.

A Sra. Besada Lores di que na reunión da xunta de goberno, e en relación co acordo da rescisión do contrato, aclarar que o PSOE abstívose no que se refire a compra das novas vivendas non aos termos da proposta que era da rescisión do contrato.

A continuación, o Sr. Domínguez Lino procede a dar lectura ao acordo núm. 5535 adoptado pola Xunta de Goberno Local.

O Sr. Agís Gómez di que con este tema é moi fácil facer dano, a razón da abstención é sinxelamente que o expediente non estaba completo.

O Sr. Domínguez Lino di que na Comisión Informativa de Urbanismo non se tratou o tema das obras nas vivendas adquiridas e

pregunta se teñen licenza de obra menor.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que as vivendas contan coa preceptiva licenza de obra menor, a que foi concedida pola Comisión Informativa de Urbanismo e senón que se revisen os acordos adoptados pola comisión e que foron concedidas co voto do PP.

A Sra. Nieto García pregunta se as licenzas concedidas están a nome do Concello, xa que se están concedidas estarán a nome dun particular e non do concello.

O Sr. Domínguez Lino pregunta cales son as xestións que se fixeron ante a concesionaria de lixo para evitar a folga de lixo prevista a partir do 16 de agosto.

A Sra. Besada Lores di que antes da proposta de folga falouse cos traballadores e cos representantes da empresa, na que se poñen de manifesto as diferenzas existentes, pero non é competencia do concello.

O Sr. Domínguez Lino pregunta cando se vai repoñer a marquesiña de Lourido que retiraron por estar rota?

A Sra. Besada Lores di que xa está arranxada é hai orde para a súa reposición.

O Sr. Domínguez Lino di que fai tres meses preguntaron por escrito e por rexistro, concretamente o 29 de abril, sobre a gardería municipal unha serie de cuestións que tres meses despois, non sei si por descoñecemento, por querernos ocultar algo ou por deixadez aínda non contestaron, si o 31 de xullo non recibimos resposta dirixiremonos ao Valedor do Pobo para denunciar este caso.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas, polo Sr. Presidente levántase a sesión, da que eu, Secretaria Xeral dou fe.